

Constitúe xa un lugar común a afirmación de que os estudos filolóxicos e lingüísticos galegos coñeceron, nos últimos tempos, un desenvolvemento extraordinario, tanto pola cantidade de traballos dados a lume canto pola súa calidade. A situación mudou en apenas unhas poucas décadas e actualmente existen importantes contributos que, cada un desde o seu particular ámbito de análise, conseguiron colocar a lingua ao mesmo nivel que outras no tocante ás pesquisas científicas. Por citarmos apenas unhas mostras, contamos desde hai anos con descrições rigorosas das súas singularidades gramaticais (Álvarez & Xove 2002, Freixeiro Mato 2006 etc.) ou da súa evolución co pasar do tempo como protagonista (Ferreiro 1997 e 1999, Mariño 1998 etc.). Son, como se pode observar, títulos aparecidos en finais do século pasado e nos primordios do presente, nuns momentos en que a filoloxía galega conseguiu, en parte grazas a eles, a maioría de idade canto ao número e ao academicismo serio de monográficos sobre a súa reflexión científica.

Porén, a falta de normalidade sociolingüística que padece a Galiza fai que tamén se converta noutro tópico a sentenza de que aínda fican determinadas lacunas por seren preenchidas. Isto corrobórase con total facilidade con só repararmos na escaseza de estudos sobre certas temáticas, tales como as relacións entre lingua e idade, lingua e xénero etc.: nestes medios, sabemos con total perfección, a día de hoxe, como son as regras que dispoñen os clíticos no interior da cláusula a respecto do verbo, mais ignoramos a práctica totalidade das marcas gramaticais que dan conta da continua mudanza lingüística desde os anos iniciais de adquisición do idioma até ás derradeiras etapas da vida dun individuo; ao tempo, temos fidedigna constancia de como está organizado o subsistema de fonemas vocálicos, moito a pesar, poñamos por caso, de non dispormos de referencias que nos digan cales son os trazos xerais da fala das persoas de idade; e, na mesma liña, por colocarmos máis un exemplo, coñecemos cunha precisión digna de nota cales son as características fonéticas e morfolóxicas do lugar máis afastado da freguesía máis remota a respecto de onde nos achamos, mais aínda non somos capaces de sinalarmos que trazos sintáctico-semánticos definen con exactitude o comportamento dos verbos transitivos do punto de vista diatópico.

Entre esa listaxe de baleiros notorios, acontecía que figuraban obras que abordasen pomenorizadamente os trazos de estilo da nosa lingua. A situación no tocante a outras variedades do mesmo sistema lingüístico ou inclusive a respecto de diferentes idiomas

permitía verificarmos ese oco: pensemos, por un momento, nos clásicos contributos de Lapa (1945), Câmara Jr. (1952) ou Martins (1989) para as modalidades lusitana e brasileira do galego-portugués, ou no de Sumpf para o francés (1971) ou no de Crystal & Davy (1969) para o inglés. Felizmente, esa lacuna deixou de existir no galego grazas á publicación en 2013 da *Estilística da lingua galega* (en adiante ELG) de Xosé Ramón Freixeiro Mato, unha extensa obra que vén cubrir o tal baleiro dunha forma certamente brillante. Grazas, pois, a este monumental contributo, a lingua atinxe máis un espazo de normalidade dos moitos que aínda fican por ser alcanzados, e até poderíamos subliñar que se sitúa nun lugar de privilexio no panorama internacional dos estudos sobre a estilística: unha ollada aos principais traballos sobre esta disciplina publicados noutros países permite corroborarmos a completude da ELG se comparada con aqueles, tanto en temáticas desenvolvidas como en grao de descrición exhaustiva; disto dan boa conta as súas case seiscentas páxinas ao lado, poñamos por caso, das trescentas do texto de Lapa ou das duascenas cincuenta do libro de Martins.

Non vira doado acharmos unha definición capaz de concretizar con exactitude o que é a estilística. Inicialmente, pode entenderse como o marco disciplinar da filoloxía encargado de estudar a utilización artística e estético-expresiva dun idioma, quer sexa a nivel individual, ponderando así os trazos idiolectais dunha persoa, quer sexa dun punto de vista da comunidade de falantes, salientando desta forma os elementos comúns a ese colectivo. Constitúe, por tanto, un dos ámbitos máis adecuados para constatar a emotividade que acompaña o uso lingüístico por parte do conxunto de falantes, ao paso que verifica con facilidade que unha lingua é, preferencialmente, unha ferramenta para a interacción social e un poderoso óculo para vermos e entendermos o mundo antes que un mecanismo para a simple transmisión de ideas ou pensamentos.

A estilística vira, en certa medida, herdeira da retórica e, a pesar desta antiga e nobre (in)directa ascendencia, corresponde a unha esfera de estudo relativamente recente, pois unha boa parte de traballos especializados considera que o seu formulamento moderno parte do lingüista suízo Charles Bally (1865-1947), un dos discípulos de Ferdinand de Saussure. A partir de aquí, estilo e estilística foron conceptos que levan sendo tratados desde moito diferentes puntos de vista, de forma que responden a dúas nocións que poden tornarse até conflituosas de se definiren con certa precisión ou, cando menos, de que esa definición sexa aceptada de modo xeral. Unha achega é a que nos ofrece o clásico traballo de Ducrot & Todorov (1973: 359), que se refire ao estilo como a “escolha que todo o texto deve fazer entre um certo número de possibilidades contidas na língua”. Mais, por outro lado, sabemos da importancia da variación rexional na capacidade de caracterizar eficaces trazos estilísticos; neste sentido, como deixou escrito Melo (1981: 134) na súa apoloxía da unidade lingüística entre Portugal e o Brasil, o estilo e a estilística son susceptíbeis de adquiriren unhas dimensións socioloxicamente maiores, pois para o autor brasileiro existe un estilo europeo da lingua

portuguesa e un estilo americano ou brasileiro dese mesmo código: “o portugués usa a *língua* portuguesa à feição do temperamento luso, com *estilo* portugués, e o brasileiro usa a *língua* portuguesa conforme o temperamento nosso, com *estilo* brasileiro”. Aínda, dentro dos estudos sobre variación e mudanza lingüística, Levinson (1988: 162) indica que *estilo* pode corresponder a catro nocións: (i) entendido como unha forma (non como contido); (ii) perspectivado como “a matter of tendencies” que caracterizan “a distinctive set of preferences in ‘form’, or a distinctive cross-level assemblage of prosodic, phonetic, lexical and syntactic features”; (iii) percibido como un elemento inherentemente de comparación; e (iv) determinado polo contexto, isto é, “in terms of the producer (or author), the audience (or interlocutor, or reader) or the social situation (or event)”. Á vista destes casos, vese con facilidade, pois, o grande número de prismas que posibilitan, na literatura especializada, diversas abordaxes para as características lingüísticas do estilo. De aquí conclúese con facilidade que a estilística permite unha notábel polivalencia de análises, tal e como vai mostrando Freixeiro Mato ao longo das páxinas de que se compón ELG.

Na verdade, non é esta a primeira vez que Freixeiro Mato se encarga de estudar estas cuestións aplicadas á lingua galega, pois unha das súas liñas de investigación académica centrouse, precisamente, na análise da estilística de diversas autoras e autores da literatura galega contemporánea. Así, figuras como Antonio Noriega Varela, Crecente Vega, Manuel García Barros, Manuel María, Rafael Dieste, Rosalía de Castro, Sebastián Martínez Risco, Uxío Novoneyra etc. inspiraron respectivos estudos, normalmente monográficos, en que se analizan con profundidade os seus trazos gramaticais e estilísticos. Mais, á marxe destes traballos dedicados a vultos das nosas letras, hai que salientar tamén o feito de a súa coñecida *Gramática da lingua galega* (2006, 2ª ed.) en catro volumes dedicar, en cada sección, unhas epígrafes específicas consagradas a aspectos estilísticos e expresivos, o que a converte na primeira obra de tal natureza que concede atención especializada a cuestións da expresividade no noso idioma; a maridaxe entre descrición gramatical, estilo e expresión foi o que levou o autor a botar man de fontes literarias para exemplificaren o sentido do seu discurso e das súas reflexións, o que, do mesmo xeito, constituíu no seu momento unha brillante e anoadora metodoloxía no panorama da lingüística e da filoloxía galegas. E, igualmente, non se pode perder de vista outro importante contributo, *A lingua literaria galega no século XIX* (2005), traballo tamén de Freixeiro Mato realizado en colaboración con outros autores, en que se proporcionan moito interesantes datos relativos a cuestións de estilo e de expresividade referidas ao galego oitocentista, tendo como basilar referencia todas as obras literarias publicadas en formato de libro ou folleto durante aquela centuria.

Ninguén, por tanto, máis apropiado que Xosé Ramón Freixeiro Mato para agora, nun ensaio exclusivamente pensado na estilística xeral da nosa lingua, nos ofrecer

unha completa e profunda análise dos trazos que fan singular o galego a respecto doutros idiomas. Parabéns, pois, ao autor por presentar o público con esta achega, e parabéns, igualmente, á casa editora, Xerais, por acoller entre o seu catálogo de publicacións un excelente estudo chamado a se converter, en moito pouco tempo, nunha das obras máis importantes do panorama filolóxico, lingüístico e até literario do país. Partindo deste estado de cousas, o respectábel non ignorará que vira complexo podermos sintetizar nunhas poucas palabras as moitas luces dun traballo así. Con todo, gostaríamos de salientar aquelas cuestións que, a noso ver, tornan esta ELG nun estudo tan necesario como amplo, tan rigoroso canto útil.

A obra está estruturada en sete capítulos, encerrados polas referencias bibliográficas (pp. 511-537), o desenvolvemento das siglas que con que foron citadas as fontes literarias empregadas como exemplarios (pp. 539-544) e uns índices onomásticos (pp. 545-565) e de materias (pp. 567-572). No primeiro capítulo, denominado “Introdución”(pp. 5-18), Xosé Ramón Freixeiro Mato explica os motivos que o levaron a elaborar a ELG, os obxectivos perseguidos, a metodoloxía utilizada e o estado da arte na literatura lingüística especializada. O segundo, intitulado “A estilística: definición, clases e relacións”(pp. 19-72), serve como útil preludeo a todo o resto do traballo e encarrégase de definir as nocións de estilo e estilística, ben como de ofrecer unha exhaustiva panorámica das diferentes correntes dentro do marco da estilística e de proporcionar os vínculos desta disciplina coa sociolingüística, coa lingua literaria, co xénero e rexistro etc. O seguinte capítulo, “A grafoestilística” (pp. 73-80), dá conta de temas cal o recurso á insubordinación das prácticas ortográficas convencionais e os seus subsecuentes efectos expresivos ou de como a disposición espacial do texto pode estar motivada por factores estilísticos. No cuarto, epigrafado como “A fonostilística ou estilística do son” (pp. 81-113), o autor estuda o aproveitamento estilístico da compoñente fónica da lingua, isto é, sons e fonemas, concedendo atención, igualmente, aos trazos suprasegmentais. O capítulo a seguir, “A estilística da palabra” (pp. 115-350), o máis extenso dos que contén a obra, aborda pormenorizadamente todo o potencial estilístico-expresivo das unidades lingüísticas denominadas palabras, tanto das gramaticais canto das lexicais, quer nos aspectos morfolóxicos quer nos semánticos. A sexta parte, intitulada “A estilística do enunciado” (pp. 351-407) céntrase na riqueza expresiva das construcións e ordes sintácticas, sen dúbida o ámbito, a noso ver, en que máis se percibe a rendibilidade estilística da lingua. O derradeiro dos capítulos, chamado “A estilística do texto” (pp. 409-509), ofrece, finalmente, o estudo daqueles elementos do nivel textual que presentan repercusións na expresividade do idioma. As sete partes enforman, pois, cunha atenciosa abordaxe, unha completa perspectiva da disciplina da estilística partindo das singularidades da lingua galega, ao paso que permite reparar nos notábeis vínculos entre o funcionamento gramatical e as súas potencialidades expresivas e comunicativas.

A súa estruturación facilita diferentes perspectivas de análise e reflexión entre especialistas ou até entre o público interesado nesas temáticas. Persoas expertas na variación lingüística, por exemplo, terán na sección 5.3, intitulada “A emotividade das palabras” (pp. 202-227), unha lúcida descrición do potencial expresivo de formas hoxe catalogadas comunmente como arcaísmos, dialectalismos, extranxeirismos ou xirias gremiais. Por súa vez, quen tematizar o seu albo pesquisador na morfoloxía, tanto na derivativa canto na flexional, dispón en 5.7, so o nome “A estilística morfolóxica” (pp. 251-350), dun completísimo estudo de como os trazos morfemáticos das palabras son capaces de seren aproveitados con eficacia expresiva. E, do mesmo modo, aqueles individuos que se dedicaren á análise do texto como unidade lingüística máis alá das consideradas adoito como gradativas (isto é, morfema, palabra, frase e cláusula) seralles de lectura proveitosa sen dúbida o capítulo sétimo, “A estilística do texto” (pp. 409-509), unha das partes máis novidosas deste traballo, pois até este momento todas as obras clásicas que se achegaron á estilística foron deixando de lado o potencial expresivo das unidades textuais. A obra cobre, por tanto, as expectativas investigadoras da práctica totalidade das disciplinas gramaticais, circunstancia que fai dela un sólido traballo destinado a se erixir nunha das referencias bibliográficas máis importantes destes primeiros anos do século XXI.

Outro aspecto que queredamos subliñar é a cantidade e a variedade de obras literarias empregadas na elaboración do traballo, xa que as case duasetas referencias que constitúen o conxunto de textos manexados merecen que se sinalen diversas cuestións: primeiramente, o autor ten en conta tanto mostras da literatura denominada comunmente culta canto exemplificacións provenientes da poesía tradicional, en que destacan as compilacións de Cabanillas (1983) e de Pérez Ballesteros (1979), este último coleccionado e publicado na segunda metade do século XIX. En segundo lugar, igualmente no ámbito literario, ten de se ponderar a perfecta simbiose que se dá entre obras da literatura galega contemporánea consideradas clásicas (Castelao, Cunqueiro, Lamas Carvajal, Otero Pedrayo, Rosalía etc.) e a recorrencia a autoras e autores da nosa época (na cal a análise das obras finda no ano 2011), sen descoidar textos medievais, como o *Cancioneiro da Vaticana*; iso permite a Xosé Ramón Freixeiro Mato contar cuns *corpora* de exemplos certamente amplos e variados, aproveitados con sumo acerto. Por último, debemos facer fincapé noutra cuestión, como é que, na elaboración deses exemplarios, ocorren todos os xéneros literarios clásicos, o que, máis unha vez, lles proporciona unha ricaz variedade. En síntese, no tocante á procedencia das mostras, o autor non escatima recursos nas fontes literarias máis adecuadas, sempre na procura de nos ofrecer os trazos de estilo verdadeiramente representativos da lingua galega.

Máis unha cuestión debe ser citada a respecto desas cuantiosas mostras literarias. Non sendo a ELG unha obra literaria, a utilización de tales recursos da literatura

redunda positivamente en dous factores, a saber: por un lado, dunha maneira directa, serve para exemplificar as capacidades expresivas existentes no galego, ora desde textos máis próximos da oralidade, ora desde aqueloutros propositadamente afastados dela; e, por outro lado, agora indirectamente, contribúe para dignificar unha brillante tradición literaria galega, desde as primeiras obras medievais até ás entregas recentes (2011), só interrompida nos denominados Séculos Escuros.

Falamos da época do Galego Medio lévanos a comentarmos a situación anormal de conflito lingüístico en que se acha o idioma, xa que este factor determina que o potencial estilístico da lingua se vexa resentido. Nuns casos, isto pode corroborarse dando licenza á entrada de formas bárbaras, adoito provenientes do español, que poden ser sentidas como máis expresivas por parte dalgunhas persoas. Noutras ocasións, esa anormal situación tamén se verifica na circunstancia de autoras e autores (e mesmo falantes), cando houber posibilidades de uso xenuinamente galegas que coincidiren co español, se decantaren de preferencia polas correspondentes diferenciadoras a respecto desta lingua. É por isto que tal contexto social de fricción lingüística entre os dous idiomas e os comportamentos que implica son tidos en consideración por Freixeiro Mato, que dedica a sección “Estilística, sociolingüística e conflito lingüístico na Galiza” (cap. 2, pp. 41-51) aos avatares históricos en que sobreviviu a lingua; deles derivan moitas actitudes no que di respecto ao idioma e inclusive conceptualizacións do que é ou debe ser a variedade literaria. Apropíámonos, pois, das palabras do autor cando sinala que

os textos producidos en lingua galega, tanto escritos como orais, están fortemente condicionados polo contexto diglósico en que aparecen. A produción e recepción dos textos escritos en galego desde o Rexurdimento até a actualidade víronse influídas en grande medida polas condicións sociolingüísticas e afectaron a necesaria interacción entre produtor e receptor, condicionando, por tanto, o seu funcionamento como tales textos na inmensa maioría dos casos, pois por norma xeral calquera texto escrito en galego marcaba unha especial relación entre eses dous axentes (p. 51).

Outro dos méritos que ten o traballo parte do seu constante diálogo coas obras de referencia existentes sobre a materia, xa sexan contributos clásicos, xa sexan estudos recentes. Ben no propio corpo do texto, ben nun nutrido sistema de notas no rodapé, Xosé Ramón Freixeiro Mato vai expondo acadamente opinións de diferentes especialistas a respecto dos temas e subtemas que dan corpo a esta ampla e rigorosa ELG. En ocasións, ese diálogo ten como finalidade mostrar ao público lector o estado da arte sobre un determinado asunto desenvolvido na obra, cal é o intitulado “A gheada e o seseo desde a perspectiva estilística” (cap. 4, pp. 89-96), en que o autor nos ofrece unha completa visión da súa consideración por parte de lingüistas e da

súa recepción social xa desde as gramáticas e dicionarios do século XIX. Outras veces, perséguese con esas ocorrencias a matización dalgún pormenor ou cuestión estilístico-gramatical ou inclusive proporcionar aos lectores e ás lectoras información sobre determinados aspectos do texto para, se o así desexaren, aprofundaren nesas temáticas. De calquera forma, o manexo e explicitación desas referencias bibliográficas tórnase unha práctica que vira moito de agradecer nun traballo de tales características e que, nestes medios, corrobora que o profesor da Universidade da Coruña manexa adecuadamente todas esas fontes e sitúaa ao servizo dos trazos de estilo da nosa lingua.

Por último, unha cuestión, non menos importante que as anteriores, é a protagonizada polo modelo de lingua en que se exprime o investigador. Trátase, en liñas xerais, dunha consciente e traballada concepción da lingua que ten como referente fundamental a calidade lingüística. Tres son os alicerces que definen con claridade o modelo que usa Xosé Ramón Freixeiro Mato: en primeiro lugar, óptase polo potenciamento dos trazos xenuínos do sistema lingüístico galego-portugués, tan erosionados, cando menos nos territorios da moderna Galiza, nas cuestións lexicais, morfosintácticas e semánticas; neste sentido, a modo de mostra, podemos citar as palabras do autor referidas ás condicións de próclise e énclice das formas verbais átonas a respecto de infinitivos e xerundios, en que a súa propia praxe harmoniza coas impresións contidas na ELG sobre este particular:

Certo é que o galego na maior parte das ocorrencias permite a dupla posibilidade, próclise e énclice, e así se atesta tanto na lingua oral como na escrita. Mais tamén é certo que a tendencia xeral cara á simplificación da opcionalidade arredor da énclice vén supor, máis unha vez, a confluencia coa solución castelá e o afastamento da tradición lingüística galego-portuguesa e dominante no portugués actual (p. 381).

En segundo lugar, poténciase o necesario reencontro da variedade galega coa lusitana ou brasileira, que se percibe, entre outros factores, na proveitosa recorrencia á compoñente lexical nese camiño de recuperación / anovación vocabular e de confluencia coas modalidades máis internacionais da nosa lingua. Noutra ocasión, as características do estilo de Freixeiro Mato conflúen co discurso xeral da obra no tocante á consideración desoutras variedades:

o portugués non é algo estraño á lingua galega e [...] non podemos considerar, tamén do punto de vista estilístico os lusismos –gráficos, morfolóxicos, léxicos ou de calquera tipo– como alleos á lingua galega e á nosa tradición literaria, a comezarmos pola medieval mais con proxección na actualidade (pp. 212-213).

E en terceiro lugar, son rexeitados todos os españolismos gratuítos, mesmo que teñan relativo suceso na lingua contemporánea ou mesmo que fiquen compilados en determinadas obras lexicográficas modernas, até podendo constituíren salientábeis elementos potenciadores da expresividade. Novamente, as reflexións do autor sobre a súa existencia no galego actual son acordes cos seus propios trazos estilísticos e non hesita en proscribir as formas alleas no camiño dunha recuperación desexábel do galego:

Mais cando estes [os portuguesismos] afortalan e reforzan o sistema lingüístico propio, o español pono en perigo. É por iso que, na perspectiva da manutención do galego como lingua viva e como lingua literaria, as razóns de estilo se deben subordinar neste caso a tal obxectivo, embora se teñan de sacrificar trazos expresivos de indubitábel eficacia. O contrario sería afondar na degradación da lingua, na extensión de preconceitos, na dialectalización e hibridación e, finalmente, na consumación da substitución lingüística (p. 217).

Desde este triplo punto de vista, pois, a ELG vai dando cumprida mostra dunha plástica prosa firmemente asentada na nosa tradición lingüística, definida aquela por se significar na procura dunha expresión xenuína. Por iso, á parte de analizar as particularidades estilísticas do idioma, a obra serve tamén como un ilustrativo manual dunha praxe lingüística de calidade para todas aquelas persoas interesadas en melloraren as súas habilidades co galego.

Imos ficar por aquí. Moito máis se podería sinalar relativamente ao novo traballo de Xosé Ramón Freixeiro Mato. Concluindo, e a enlazarmos co subliñado máis arriba, a *Estilística da lingua galega* tornarase unha obra imprescindible no panorama das nosas letras. Elaborada co mesmo rigor epistemolóxico que caracteriza o resto da produción científica do autor, servirá de magnífica monografía non só para quen, do ámbito da filoloxía, quixer saber máis sobre a expresividade do idioma, mais tamén para aquelas autoras ou aqueles autores que tencionaren reparar nos seus propios trazos estilísticos.

Xosé Manuel Sánchez Rei  
sanrei@udc.es

## Referencias bibliográficas

- Álvarez, R. / Xove, X. (2002): *Gramática da lingua galega* (Vigo: Galaxia).  
Cabanillas, R. (1983): *Cancioneiro popular galego* (Vigo: Galaxia).



- Câmara Jr., J. Mattoso (1952): *Contribuição à Estilística Portuguesa* (Rio de Janeiro: Ao Livro Técnico).
- Crystal, D. / Davy, D. (1969): *Investigating English Style* (London: Longman).
- Ducrot, O. / Todorov, T. (1973): *Dicionário das Ciências da Linguagem* (Lisboa: Dom Quixote).
- Ferreiro, M. (1997): *Gramática histórica galega*. Vol. II. *Lexicología* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Ferreiro, M. (1999) [1995]: *Gramática histórica galega*. Vol. I. *Fonética e morfosintaxe* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Freixeiro Mato, X. R. / Sánchez Rei, X. M. / Sanmartín Rei, G. (2005): *A lingua literaria galega no século XIX* (A Coruña: Universidade da Coruña).
- Freixeiro Mato, X. R. (2006) [1998-2003]: *Gramática da lingua galega*. Vol. I. *Fonética e Fonoloxía*. Vol. II. *Morfosintaxe*. Vol. III. *Semántica*. Vol. IV. *Gramática do Texto* (Vigo: A Nosa Terra).
- Lapa, M. Rodrigues (1945): *Estilística da Língua Portuguesa* (Coimbra: Coimbra Editora).
- Levinson, S. C. (1988): “Conceptual Problems in the Study of Regional and Cultural Style”, en Dittmar, N. / Scholobinski, P. (1988): *The Sociolinguistics of Urban Vernaculars. Case Studies and their Evaluation*, 161-190 (Berlin / New York: Walter de Gruyter)
- Mariño Paz, R. (1998): *Historia da lingua galega* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Martins, N. Sant’Anna (1989): *Introdução à Estilística. A Expressividade da Língua Portuguesa* (São Paulo: T. A. Queiroz).
- Melo, G. Chaves de (1981) [1945]: *A Língua do Brasil* (Rio de Janeiro).
- Pérez Ballesteros, J. (1979) [1885-1886]: *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de la Coruña. Con un prólogo del ilustre mitógrafo portugués Theóphilo Braga*. 3 vols. (Madrid: Akal).
- Sumpf, J. (1971): *Introduction à la stylistique du français* (Paris: Larousse).
- Thibault, P. (1988): “Discourse Analysis in Sociolinguistics”, en Dittmar, N. & Scholobinski, P. (1988): *The Sociolinguistics of Urban Vernaculars. Case Studies and their Evaluation*, 154-160 (Berlin / New York: Walter de Gruyter).